

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
EDUCACIÓN FÍSICA
1º PRIMARIA
CURSO 2018-19

CEIP ALAXE
Valón-Doniños (Ferrol)
A Coruña

Mestra: Lidia Abuin Cartamil

ÍNDICE

1. <u>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</u>	3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	4
3. <u>CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.....</u>	4
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: 4.1.TEMPORALIZACIÓN.....	7
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	7
<u>PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....</u>	13
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIREN A MATERIA.....	13
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.....	14
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	15
8. <u>AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE: INDICADORES DE LOGRO.....</u>	19
9. DISEÑO DA AVALIACIÓN E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	20
10. <u>MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....</u>	22
11. <u>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</u>	23
12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS PROCESOS DE MELLORA.....	24

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en Educación Primaria, que se planifica para levar a cabo no Centro de Educación Infantil e Primaria A Laxe (Valón-Doniños-Ferrol) no curso 2018/2019. Este é un centro educativo que ten 4 unidades, 3 de educación primaria (agrupados 1º-2º, 3º-4º, 5º-6º) e 1 de infantil (agrupados 4º-5º-6º) cun total de 55 alumnos. O curso que nos compete encontrase agrupado cos do segundo nivel formando un total de 18 alumnos e alumnas dos que 10 son de 1º curso.

O centro ten un horario de xornada continuada, cunha xornada lectiva de 9:40 a 14:40 e con servizo de madrugadores, transporte escolar, comedor e actividades extraescolares.

A lingua vehicular da aula será o castelán para dar cumprimento ao Decreto 79/2010 de 20 de maio para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia e a Orde do 22 de Xuño de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas e colexios de educación infantil e primaria, así como o Real Decreto 132 do 2010, que establece os requisitos mínimos dos centros de Infantil e Primaria e Secundaria.

Demográficamente toda a zona está afectada por un descenso no número de habitantes causado pola baixa natalidade e sobre todo pola emigración que afecta fundamentalmente a poboación en idade laboral e nos derradeiros anos tamén a poboación en idade escolar, dado que a emigración que se está producindo na actualidade cara as cidades está arrastrando a familias enteiras.

A programación didáctica proposta, foi realizada en base ao Proxecto Curricular do centro e tendo en conta o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, no que se establece o currículo de Educación Primaria.

Características da área:

A área de Educación Física, na educación primaria, debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente

pedagógico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Especialmente importante é a relación que a Educación Física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calidade de vida.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade.

En educación física debe incidirse na coeducación e na igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Finalmente a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

2.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A LOMCE destaca como elemento fundamental de todas as áreas as **competencias clave**, que son as *capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, coa fin de acadar a realización idónea de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos*. Son un total de 7, que serán traballadas de forma global ao longo do curso académico:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL).**
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**
- **Competencia dixital (CD).**
- **Competencia en aprender a aprender (CAA).**
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- **Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A relación cos contidos, criterios e estándares encóntrase fixada no apartado 4.

3.-CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

A LOMCE non distingue obxectivos para cada unha das áreas senón que os formula de forma xenérica para a toda etapa educativa de educación primaria, conformando un total de 14 que se definen a continuación:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais , lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4.-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

- **TEMPORALIZACIÓN**
- **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**
- **PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

EDUCACIÓN FÍSICA CURSO: PRIMEIRO							
OB X.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
BLOQUE1. CONTIDOS COMÜNS EN EDUCACIÓN FÍSICA							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Aceptación da propia realidade corporal. ▪ B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo. ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS C ▪ CAA ▪ CSI EE 	1 2 3	3%	1.5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS C ▪ CAA ▪ CSI EE 	1 2 3	3%	1.5%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. ▪ B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA 	1 2 3	3%	1.5%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ k ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. ▪ B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. ▪ B1.8. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS C ▪ CAA ▪ CSI EE 	1 2 3	3%	1.5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSI EE ▪ CAA ▪ CC EC 	1 2 3	3%	1.5%

			▪ CS C			
		▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	▪ CS C ▪ CSI EE ▪ CAA	1 ° 2 ° 3 °	3%	1.5%
		▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e	▪ C S C	1°	3%	1.5%

EDUCACIÓN FÍSICA CURSO: PRIMEIRO							
OB X.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
			organización de material utilizado nas clases.		2 3		
			▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.	▪ CS C ▪ CAA	1 2 3	3%	1.5%
BLOQUE 2. OCORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN							
▪ k ▪ m	▪ B2.1. Aceptación da propia realidade corporal. ▪ B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.	▪ B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.	▪ CS C ▪ CAA	1 2 3	4%	2%
▪ b ▪ k	▪ B2.3. Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento. ▪ B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes. ▪ B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración. ▪ B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables. ▪ B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación	▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	▪ EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. ▪ EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.	▪ CAA ▪ CS C ▪ CS C ▪ CAA	1 2 3 1 2 3	4% 4%	2% 2%

	<p>do corpo e noções topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia. ▪ B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CS ▪ C ▪ CSI ▪ EE 	1º	4%	2%
--	---	--	--	---	----	----	----

EDUCACIÓN FÍSICA CURSO: PRIMEIRO							
OB X.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC. CC	TRI M.	PES O	GRAO M.
	sensacións.						
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Formas e posibilidades do movement. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos. ▪ B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos. ▪ B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos. ▪ B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade. ▪ B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade. ▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS C ▪ CC EC ▪ CAA 	1º	3%	1.5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS C ▪ CC EE ▪ CAA 	2º	3%	1.5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS C ▪ CC EE ▪ CAA 	2º	3%	1.5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS C ▪ CAA ▪ CSI EE 	3º	3%	1.5%
BLOQUE 4: ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movement. Sincronización do movement con estruturas rítmicas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movement, comunicando sensacións e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movement con desinhibición e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC EC ▪ CS C 	3º	3%	1.5%

<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras 		<p>espontaneidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC ▪ EC 	3º	3%	1.5%

EDUCACIÓN FÍSICA CURSO: PRIMEIRO							
OB X.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
o	<ul style="list-style-type: none"> o culturas, seguindo o ritmo. ▪ B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións. ▪ B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. ▪ B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ estrutura rítmica sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC.C ▪ CAA 			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC.EC ▪ CAA ▪ CC.C ▪ CSI.EE 	3º	3%	1.5%
BLOQUE 5 . ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física. ▪ B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa. ▪ B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSI.EE ▪ CAA 	1º	4%	2%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC.C ▪ CSI.E ▪ CAA 	1º	4%	2%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC.C ▪ CAA ▪ CSI.EE 	1º	4%	2%

<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes. ▪ B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CS ▪ C 	1º	4%	2%
---	---	---	---	--	----	----	----

EDUCACIÓN FÍSICA CURSO: PRIMEIRO							
OB X.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
BLOQUE 6: OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo. ▪ B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo. ▪ B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas. ▪ B6.4. Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS C ▪ CSI EE ▪ CAA 	2º 3º	3%	1.5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSI EE ▪ CS C 	2º 3º	3%	1.5%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas. ▪ B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. ▪ B6.7. Práctica de xogos libres e organizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC EE ▪ CAA ▪ CS C 	1º 2º 3º	4%	2%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC EC ▪ CAA ▪ CS C 	3º	4%	2%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC EC ▪ CS C ▪ CAA 	3º	3%	1.5%

<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8.Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS ▪ C ▪ CAA 	3º	3%	1.5%
--	--	--	---	--	----	----	------

EDUCACIÓN FÍSICA CURSO: PRIMEIRO

OB X.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ o 	Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.	xogos e actividades ao aire libre.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CS ▪ C ▪ CAA 	3º	3%	1.5%

4.3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1.- Observación sistemática: Rexistraremos o que sucede nas sesións; o progreso día a día. Este rexistro será continuo e o máis sistemático posible. Para elo empregaranse diferentes técnicas: **escalas de valoración** (cada unidade inclúe unha escala que se aplicará durante as sesións) **listas de control**, **rexistros anecdóticos** (neles reflectiranse aqueles acontecementos que sexan significativos, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poidan servir como **autoavaliación**) así como o **diario de clase**.

2.- Probas cuantitativas e conceptuais: De forma eventual, poderanse aplicar **tests de habilidade motriz e condición física** que permitan avaliar o estado do alumno/a respecto a algún obxectivo, así como **exames** para a avaliación de contidos e competencias correspondentes a unidade. Tamén se terán en conta **traballos de investigación** e busca de información individual ou en grupo.

3.- Autoavaliación: Ao finalizar cada unidade didáctica cubriremos a folia de autoavaliación sobre a nosa actuación como docente e sobre os contidos ou actividades tratadas. Nesta recollida de información participará activamente o alumnado dunha maneira intensa durante todo o curso, facilitando así a autoavaliación.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A Educación Física é unha área curricular cun marcado compoñente motor. A maior parte dos contidos propostos teñen un carácter marcadamente actitudinal e procedimental, o que facilita a creación, no alumnado, dun sistema de valores e dunha personalidade, que debe contribuír ao seu desenvolvemento na sociedade actual.

Utilizaranse diferentes estilos de ensino segundo cada situación de ensinanza-aprendizaxe, así conxugaranse a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices.

O descubrimento guiado e a resolución de problemas son estilos que se basean en propostas motrices que crean unha dúbida nos coñecementos previos do alumnado, para que investigue e chegue a unha ou varias solucións, que polo feito de ser descubertas pola propia persoa afianzan a aprendizaxe na súa estrutura cognitiva.

Sempre que as actividades propostas o requiran utilizaranse estilos máis directivos, como a instrución directa ou a asignación de tarefas.

En xeral, a metodoloxía tenderá:

- á adquisición de aprendizaxes significativas, o que producirá unha elevada motivación.
- ao predominio do aspecto lúdico, por ser o xogo un importante recurso metodolóxico, destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo dos deportes e xogos, xa que contribúen a saber “gañar” e saber “perder”.

- á coeducación: fomentando á eliminación de todo signo sexista, buscando a igualdade de oportunidades e posibilitando un desenvolvemento global e integral.
- ao uso das TIC como ferramenta ou instrumento na busca de información e tamén como reflexión e difusión.
- ao aumento progresivo da autonomía do alumnado, conforme as capacidades físicas, as habilidades, a percepción do corpo e o contorno, a coordinación ... que farán os movementos máis eficaces e levará a unha maior autoestima.
- a presentar progresivamente situacións máis complexas, incrementando as dificultades de acordo coa idade e tendo en conta as diferenzas individuais. Creando un clima de confianza que favoreza a participación de todas e todos.
- a que as actividades da área se adapten aos diferentes niveis que posúan os nenos e nenas, coa fin de desenvolver o maior número de capacidades e habilidades en función das destrezas de cadaquén. Minimizando os posibles riscos e extremando as medidas de precaución.

Ademais, e a pesar de que non é un estilo metodolóxico, usaremos como recurso educativo fundamental o xogo, que o actual decreto de currículo sinala como o elemento por excelencia para traballar todo tipo de contido na etapa de educación primaria, e sempre con garantías de éxito polo seu carácter motivador. Ten o valor extra de dar ás sesións un carácter lúdico e de diversión e de contribuír a fomentar aprendizaxes significativas.

Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos convenientemente un tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os *“instrumentos e medios que suministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensinanza – aprendizaxe”*.

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

- Función motivadora: Captar a atención dos alumnos mediante formas, cores, tacto, sensacións...
- Función estruturadora: Organizar a aprendizaxe.
- Función didáctica: Debe existir congruencia entre os recursos materiais que se poden utilizar e os criterios de avaliación e contidos obxecto de ensinanza.

- Función facilitadora das aprendizaxes: posibilitan que determinados contidos sexan susceptibles de ser ensinados e aprendidos.
- Función de soporte ó profesor: Facilitan a tarefa docente en aspectos de programación, avaliación, rexistro de datos.

Instalacións deportivas:

- Sala ou espazo cuberto: Debe ter boas condicións de iluminación, acústica, temperatura, pavimento...; que estea libre de obstáculos e de elementos que poidan provocar lesións. Neste caso dispoñemos dun ximnasio con espaldeiras e un escenario.
- Pista polideportiva: Con porterías, canastas e campo de fútbol sala, baloncesto e voleibol marcado no chan.
- Zona de xogos e patio con zonas verdes

Material deportivo:

- Convencional: aros, cordas, picas, conos, colchóns, bancos, pelotas,...
- Funxible: globos, xices, cintas...
- Reciclado: Xornais, botellas plástico, vasos iogur.
- Tomado da vida cotiá: toallas, sacos, teas, panos, bolsas de plástico...

Material de soporte ao profesor:

- Ficha seguimento – Datos dos alumnos – Proxecto educativo.
- Test e probas de experimentación.
- Material audiovisual e informático: TV, vídeo, radiocasetes, ordenador, programas informáticos educativos.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis... e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así o considere.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación segundo Lagardera, é “o mecanismo de recollida de información que unha vez valorada debe servir para tomar determinadas decisións”. Para a avaliación teremos en conta o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e no que se regulan aspectos relacionados ca avaliación, promoción e cos documentos oficiais da mesma, a Orde de avaliación do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, contidos, e criterios de avaliación.

Ademáis dos aspectos específicos de cada unidade, valoraremos aspectos de actitude do alumno/a, motivación, interese por aprender, coidado do material, compañeirismo, orde e atención en clase, e aspectos relacionados coa saúde e hixiene, considerados moi importantes para a educación e socialización dos nenos/as.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Principios nos que se basea:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Propiciar ao seu termo o proceso de retroalimentación.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- 1.- Reaccionar corporalmente ante diferentes estímulos, dando respostas motoras axeitadas.
- 2.- Adoptar diferentes posturas corporais, amosando coñecemento do corpo e mantendo o equilibrio e o control respecto á tensión/relaxación musculares e á respiración.
- 3.- Reproducir cos diferentes segmentos corporais unha estrutura rítmica sinxela.
- 4.- Desprazarse e saltar coordinadamente, variando a amplitude, a frecuencia, a dirección e o senso do movemento e mais amosando unha axeitada orientación no espazo.
- 5.- Realizar lanzamentos, recepcións e outras habelencias que impliquen o manexo de obxectos, coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.
- 6.- Simbolizar personaxes, obxectos e situacións utilizando o corpo e materiais variados, amosando desinhibición e mais respectando e valorando as esixencias alleas.
- 7.- Amosar interese pola adquisición de hábitos axeitados de alimentación, de hixiene corporal, postural e de seguridade na práctica da actividade física.

8.- Participar e gozar dos xogos, axustando a propia actuación ás características da actividade e experimentando relacións positivas coas outras persoas participantes.

9.- Coñecer e practicar xogos populares tradicionais galegos, interesándose pola súa busca e valorando a súa importancia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación que se empregarán nas avaliacións son os seguintes:

- **Contidos, actividades e competencias 20% da nota**
 - Comprensión e asimilación de contidos.
 - Participación, realización e execución das actividades.
- **Cumprimento das normas e comportamento: 30% da nota**
 - Respeto as normas propostas pola mestra
 - Cuida o material e colabora na súa recollida.
 - Ten precaución en non facer ni facerse dano
 - Supera as suás frustracións.
 - Mostra empatía recoñecendo a os seus compañeiros como parte do xogo.
 - Respeto polos diferentes niveles de destreza
- **Esforzo e interese por mellorar, superarse e aprender: 30% da nota**
 - Mostra atención e implicación nas actividades.
 - Disfruta participando nas actividades
- Hábitos de **hixiene** e emprego da **vestimenta** apropiada: **20% da nota.**

A comprensión e avaliación de contidos realizarase a través de probas obxectivas mediante actividades e traballos, test, probas específicas, etc. Para a avaliación dos demais criterios de cualificación empregaranse listas de control, escalas de valoración, rexistros anecdóticos, diario de clase...

O alumno ou alumna que non poida participar nas actividades prácticas será avaliado e calificado das que sí poida e para o resto basearémonos na realización de traballos, fichas... que a mestra lle encomendará ao longo do período.

Segundo a lexislación anteriormente mencionada para a avaliación da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os resultados da mesma expresaranse nunha escala de 0 a 10, coa seguinte equivalencia:

1, 2, 3 ou 4= insuficiente (IN)

5= suficiente (SU)

6= ben (BE).

7 ou 8= notable (NT).

9 ou 10= sobresaínte (SB).

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DOS ALUMNOS/AS

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa. A repetición consideraras unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria.

O claustro deste dentro, con carácter xeral, establece as seguintes normas na promoción ou non promoción entre os distintos cursos.

Promoción de curso:

- **Promocionará** aquel alumno/a que obteña cando menos a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas.
- **Promocionará** o/a alumno/a que, aínda que non obteña a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas xa repetise ao longo da etapa.
- **Non promocionará** o/a alumno/a que teña a cualificación de INSUFICIENTE en dúas áreas si estas son as das linguas (galego e castelán) ou ben unha área das citadas de lingua e a de matemáticas. E ó mesmo tempo teña un desenvolvemento das competencias clave e un grao de madurez tal, que dificulten gravemente o seu traballo no seguinte nivel.
- **O alumno con NEE será avaliado tendo en conta a súa adaptación curricular significativa**, é dicir, tomaranse como referencia para a súa promoción os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fixados nas respectivas adaptacións.

Programa de reforzo para a recuperación da área de EF

No caso de ter que incorporar e elaborar un programa de reforzo coa finalidade de acadar aqueles obxectivos que non fosen superados, adoitaranse as seguintes medidas:

- Farase unha avaliación inicial, para determinar o punto de partida, tendo en conta os diferentes bloques de contidos.

- Teranse en conta os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis do curso ou avaliación no que non acadou a avaliación positiva.
- Darase reforzo nas clases prácticas propoñendo actividades específicas axeitadas aos aspectos deficitarios.
- Farase fincapé no control do corpo nas habilidades básicas do nivel correspondente así como na capacidade de respectar as regras grupais do xogo.
- No momento do curso no que se consideren superadas as deficiencias avaliarase positivamente dita área.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE: INDICADORES DE LOGRO

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso.

Trimestralmente usaranse os seguintes **indicadores de logro**, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8. Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
2. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para o alumnado con NEAE?				
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5. Poténcianse estratexias de animación á lectura, de comprensión e de expresión oral?				
6. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino / aprendizaxe?				
7. Préstase atención aos temas transversais?				
8. Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
10. Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, ...?				

4=excelente. 3=boa. 2=aceptable. 1=inadecuada.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensinanza – aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións. Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as ao comezar o curso.

Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter dun diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna
- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:

- Esquema corporal: Localización e identificación das diferentes partes do corpo.
- Estructuración espacio-temporal: Camiñar ao ritmo da música, rodar unha pelota co pe e coa man.
- Coordinación e equilibrio: mantemento da postura un tempo determinado, desplazarse entre pivotes...
- Habilidades básicas: diferentes tipos de desplazamentos, saltos e reptacións, lanzamentos e recepcións...
- Expresión e comunicación corporal: moverse ao ritmo da música, xogos de mímica.

Estas tarefas e actividades serán rexistradas en vídeo para un posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais.

Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa adecuada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

A miña proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.ª Adoptar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios

básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales foren as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

Por conseguinte, a presente Programación suxire:

- 1.º Facilitar, consolidar e desenvolver a socialización do alumnado, o que significa ensinarlle a aprender a convivir e a comportarse adecuadamente en grupo, a ser solidario, a cooperar e a respectar as normas; para iso, imponse a posta en práctica das teorías de grupo e de dinámica de grupo, aplicando os modelos, estratexias e estilos máis adecuados en cada caso.
- 2.º Realizar adaptacións curriculares encamiñadas a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos en que as diferenzas e dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas).

10- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A nosa intervención educativa cos alumnos e alumnas asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, as aptitudes e capacidades individuais así como os seus distintos intereses e motivacións.

As **medidas de atención á diversidade** poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais para unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades. Deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe e estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas que presenten.

Irán dirixidas á consecución dos seguintes **obxectivos**:

- Facilitar ao alumnado o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e a adquisición das competencias básicas e dos obxectivos da área.
- Establecer os mecanismos axeitados de apoio e reforzo precisos, que permitan detectar e superar as dificultades de aprendizaxe que presente o alumnado.
- Coordinar coa titoría e orientación educativa do alumnado para apoiar o seu proceso educativo.

Realizaranse as adaptacións necesarias, articulándose medidas correctoras ou vías alternativas, mediante actividades de reforzo, ampliación, etc., segundo as circunstancias concretas de cada alumno/a.

Esta programación pretende adaptarse ás necesidades individuais por iso deseñouse cun carácter aberto e flexible que permite que unha mesma actividade se realice de diferentes formas segundo as diferenzas individuais de cada neno/a.

Alumnos con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo)

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos.

A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con n.e.e. motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria, existe algún caso diagnosticado de TDHA pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións.

11- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades complementarias

Participaráse nos seguintes eventos, conmemoracións e celebracións do centro. A destacar:

Primeiro trimestre: Samaín e Magosto .Día internacional contra a violencia de xénero . Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia Día da declaración Universal dos dereitos humanos Festival de Nadal

Segundo trimestre: Día da Paz (30 e xaneiro). Entroido ,Semana da prensa , Día internacional da muller traballadora , Día Mundial dos dereitos do consumidor .

Terceiro Trimestre: Día Mundial da Saúde, Semana do libro , Día de Europa , Maíos e Letras Galegas , Día mundial do Medio Ambiente .

Actividades extraescolares

Dende a área de Educación Física intentaremos fomentar a participación das nenas e nenos nas actividades extraescolares organizadas dentro do Programa Municipal de Actividades Extraescolares que para o presente curso .

Na PXA figura a programación específica destas actividades, así como o nº de participantes e os horarios semanais das mesmas.

Esta área colabora con entidades e clubs deportivos na divulgación dos deportes que representan, facilitando sesións de sensibilización co alumnado.

Participaremos no Programa Xogade.

12- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O departamento de Educación Física, polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando un análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final do departamento, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar o modificar con respecto a programación prevista.

A programación e un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hay que reflexionar sobre su adecuación a cada grupo-clase o a cada alumno ou alumna e se e necesario modificarla en función dos feed-back recibido e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte de la revisión, evaluación y modificación de la programación didáctica.

	0	1	2	3	4
Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo					
Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas					
O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.					
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD					
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar					
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación					
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos de avaliación					
Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver					
Aplicación metodoloxía didáctica acordada					
Adecuación da secuencia de traballo na aula					
Adecuación dos materiais didácticos utilizados					
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado					
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación contínua					
Adecuación dos programas de apoio, recuperación...vinculados a os estándares					
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE					
Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas					
Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos					
Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre os criterios de promoción					
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso					
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro					
Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia					

0 = Nulo 1= Deficiente 2= Suficiente 3= Competente 4= Excelente